


#### REUNIONES DE TRABAJO

En días pasados remitimos Nota Informativa sobre a posibilidade de reclasificación dos Técnicos Superiores ó novo grupo B creado no seu día polo Estatuto Básico da Función Pública (EBEP). Naquela nota sinalabamos que, unha vez o Goberno consideraba desbloqueada a situación, comezarían "os movementos" nos diferentes ámbitos e foros de negociación.

Dende ATESSGA celebramos diversas reunións con representantes públicos e políticos, mantivemos contactos cos diferentes axentes sociais de entre máis representativos e estreitamos relacións con outras organizacións de TSS do resto do país co ánimo de tomarlle o pulso ós acontecementos e poder trasladarvos a información dispoñible.



Reunión con José Luis Aceves, Portavoz de Función Pública no grupo parlamentario de PSOE

Neste sentido entrevistámonos por videoconferencia con José Luis Aceves Galindo, Portavoz da área de Función Pública do Grupo Parlamentario Socialista, que nos trasladou os detalles da contestación oficial do Goberno sobre o remate da transitoriedade que impedía a aplicación do Grupo B. Anunciounos a inminente tramitación dunha Lei de Función Pública para o persoal Funcionario dependente dos Ministerios e que o mesmo debían facer as Comunidades Autónomas nos seus respectivos ámbitos (en Galicia esto xa está feito no ámbito dos funcionarios da Administración Xeral). No caso do Persoal Sanitario tamén se está pendente de que o Ministerio de Sanidade faga unha reforma do Estatuto Marco, pois é o instrumento normativo básico que da cobertura a todo o persoal sanitario,

dependa ou non das Comunidades Autónomas.

Tamén tivemos unha reunión coa Portavoz de Sanidade do Grupo Parlamentario Socialista, Ana Prieto (Deputada pola provincia de Lugo) e co membro da dirección do Grupo Parlamentario Socialista e membro da Comisión de Sanidade, Guillermo Meijón (Deputado pola provincia de Pontevedra). Ámbolos dous recolleron as nosas propostas en relación a mellora das nosas cualificacións en termos de recoñecemento automático das mesmas na U.E., así como a reivindicación da conseguinte



Reunión con Guillermo Meijón y Ana Prieto

reclasificación profesional, comprometendo dar traslado das mesmas á Administración Educativa e, sobre todo, ó Ministerio de Sanidade. Trasladamos, xa que logo, a necesidade da creación dos correspondentes Grados Universitarios e a reclasificación ó Grupo A2.

Más recentemente tivemos a ocasión de compartir videoconferencia con Mariano Carballo, responsable do Gabinete Técnico da Secretaría Xeral de Formación Profesional do Ministerio de Educación. Tratouse dunha reunión moi interesante na que se nos dou conta da inminente creación do Marco Español de Cualificacións para a educación permanente incorporando o xa existente Marco Europeo das Cualificacións. Por outra banda recordousenos que a Autoridade Reguladora das Profesións Sanitarias era o Ministerio de Sanidade a través da Dirección Xeral de Ordenación Profesional.



*Reunión con Mariano Carballo do Gabinete Técnico da Secretaría Xeral de Formación Profesional*

Nestes momentos, somos coñecedores que dende o ámbito de negociación do Ministerio de Sanidade, onde teñen presenza os Sindicatos máis representativos, dinamizouse a creación, desde a Dirección Xeral de Ordenación Profesional, de "grupos técnicos" para a revisión das competencias das profesións de formación profesional co ánimo de actualizar competencias e funcións. Abordarán os colectivos de Técnicos Medios en Coidados de Enfermería e de Celadores.

Na ronda de reunións que estamos a manter estamos pendentes dunha coa Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e, a partir de ahí, poder informar máis atinadamente do estado de situación destes traballos, pola expectativa de que se extendan para con as nosas profesións de Técnicos Superiores Sanitarios. Agardamos que ese encontro se produza durante este mes de abril, estamos presionando de tódalas maneiras posibles. Ata entón, coma sempre, vos pedimos paciencia e prudencia coas informacións que vain aparecendo de diversas fontes.

Dalgunha maneira, o desbloqueo do EBEP e as eventuais reclasificacións, están favorecendo a revisión de cuestións históricas, coma é o caso das funcións, que levan sen actualizarse, practicamente, dende antes da democracia. No caso das profesións que forman parte dos equipos de coidados de enfermmería poden existir lóxicos e tensos debates con intereses contrapostos dos diferentes colectivos. No caso dos Técnicos Superiores Sanitarios a nosa situación debiera ser distinta pois, a día de hoxe, ese tipo de problemas de colisión con outros colectivos non existen ou, onde existen, son residuais, aínda que tamén é certo que a situación non é igual en todas as comunidades.

Dende ó noso punto de vista a nosa pelexa será no ámbito do propio Ministerio, aínda que non sobrarán terceiros que se apunten a poñer pedras no camiño. O noso reto é demostrar que as nosas competencias profesionais son dun nivel de cualificación para o que a formación das escolas de formación profesional, no seu conxunto e no formato actual, e a pesares dos esforzos de moitos docentes, está obsoleta. Teremos que traballar por explicar que a "autonomía" e a "responsabilidade"

das nosas competencias require unha cualificación que hoxe por hoxe, no sistema educativo español, so garante un formato de grado universitario integrado en hospitais universitarios.

Aínda así, en tódolos procesos de debate e negociación, chega un momento no que hay que amosar unión e forza, polo que non descartamos ter que recurrir, nalgún momento, a convocar á expresión colectiva desta forza.

Por último queremos agradecervos o voso apoio. Formar parte de ATESSGA, aínda que so sexa co pago da cuota, que sabemos supón un esforzo, é o que nos permite seguir a desenvolver estas xestións e levar as nosas demandas onde corresponde.

Sen o voso apoio con ese esforzo sería imposible.

## Previsión da realización dos exames de oposición

**PREVISIÓN OPE'S** convocadas e pendentes de exame:

Na MESA SECTORIAL celebrada hoxe mesmo a Administración deu traslado ós Sindicatos de que a previsión inicial para a realización dos **exames da fase de oposición** das categorías de Técnicos Superiores se sitúa **entre o 15 de setembro e o 31 de outubro**.

## Convocado proceso de elección da nova Xunta

### Directiva



Convocada asamblea extraordinaria para a elección de nova Xunta Directiva o próximo día 21 de maio, acabado o mandato da actual Xunta e segundo os Estatutos da organización procédese a convocar proceso de renovación do órgano de dirección.

O proceso durará un mes e acabará coa elección da nova Xunta Directa para os próximos 4 anos.

En Galicia Atessga es **TÚ** Asociación Profesional de referencia.